



AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO (1º, 2º), PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO (3º, 4º) E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR (todos cursos) Curso Escolar 2024/2025 (Orde 7 de maio de 2024, publicada no DOG. do 20 de maio).

1º e 2º DE PRIMARIA: AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO

Rendas e contía das axudas

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000 euros: **240 euros**.
- Renda per cápita familiar superior a 6000 e igual ou inferior a 10000 euros: **160 euros**.

Para saber se tedes dereito a axuda, tedes que calcular a renda per cápita familiar. Teredes que dividir os ingresos da renda (recadros 435+460 da declaración da renda de 2022) entre o número de membros da unidade familiar computables. Os membros con discapacidade igual ou superior ao 33% contan por dous.

Moi importante:

O colexio entregará un vale para as solicitudes admitidas. O vale levarase a unha librería para mercar os libros. **ESTOS VALES ENTRÉGANSE NO COLEXIO DENDE O LUNS 24 DE XUÑO.**

3º e 4º DE PRIMARIA: FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

5º e 6º de Primaria terá libros dixitais (E-DIXGAL). Non participa no fondo. Pode pedir axudas para material que se indica abaixo.

Rendas e listas de admitidos e excluídos

O alumnado destes cursos, terá libros en préstamo. Estes libros se entregarán en setembro.

- Se a renda per cápita é igual ou inferior a 6000 euros, terán dereito a seis libros de texto en préstamo.
- Se a renda per cápita é superior a 6000 e igual ou inferior a 10000 euros, terán dereito a catro.

Para saber se tedes dereito ao préstamo, tedes que calcular a renda per cápita familiar (explicada no apartado anterior de 1º e 2º de Primaria).

Moi importante:

Ver no taboleiro do centro as solicitudes admitidas, as solicitudes excluídas, e os libros adxudicados ou que teña que mercar cada alumno. As datas son as seguintes:

- 2 de xullo: Publícase a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas.
- 3 e 4 de xullo: Posibles reclamacións dos interesados.
- **5 de xullo: Publícase a RELACIÓN DEFINITIVA de solicitudes admitidas e excluídas.**

AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR PARA TODOS OS CURSOS

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000 euros: **75 euros**.
- Renda per cápita familiar superior a 6000 e igual ou inferior a 10000 euros: **60 euros**.

Estas axudas se piden nos Anexos I e II, que valen para axudas de material, libros e fondo solidario.

ESTOS VALES ENTRÉGANSE NO COLEXIO DENDE O LUNS 24 DE XUÑO.

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR TODOS OS CURSOS

- ANEXO I e ANEXO II. Podedes recollelos no colexio ou descargalos en www.edu.xunta.gal/fondolibros
- Copia do libro de familia no cal figuren todos os membros computables da unidade familiar.
- No caso de que a situación familiar a 31 de decembro de 2022 non coincida co reflexado no libro de familia, deberán entregar tamén algún dos seguintes documentos:
 - Certificado ou volante de convivencia, onde apareza o alumno e os familiares que conviven.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello, que acredite a situación familiar.
- No caso de separación ou divorcio, deberán achegar sentenza xudicial ou convenio regulador.
- No caso de discapacidade igual ou superior ao 33% recoñecida pola Xunta, deberán autorizar a consulta telemática no Anexo II e non fai falla papeleo. No caso de que sexa recoñecida por outro órgano distinto da Xunta ou que non se autorice a consulta telemática, entregar papeleo que o xustifique.

Moi importante:

Terase en conta a **declaración da renda de 2022**, e a **situación familiar referida a 31 de decembro de 2022**. Nos Anexos I e II é moi importante autorizar á Consellería á comprobación dos vosos datos. Por iso NON marquedes o cadro “opoñome á consulta”. No cadro “autorizo á consulta”, marcade “SI”. Segundo a lexislación, todo alumnado que pediu axuda no curso pasado, debe devolver todos os libros mercados coa axuda ata o 21 de xuño (1º e 2º NON). Do contrario, perderán o dereito as axudas.

PRAZO ENTREGA NO COLEXIO OU SEDE ELECTRÓNICA (<https://sede.xunta.gal>): VENRES 21 DE XUÑO.